

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE ABRIL DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/754/2017.- ANTONIO OROIS VALIÑO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a reforma de vivendas planta 2ª e 3ª situadas na rúa da Acibechería nº 17.

LIC/770/2017.- M5 CORNES RESIDENCIAL, S. L.- Conceder licenza para o proxecto básico presentado para a construción de dous edificios para 68 vivendas, prazas de garaxe e trasteiros na rúa Manuel Beiras (de), 5.

LIC/1335/2015.- MIGUEL OTERO PUENTE.- Conceder licenza para executar obras de construción dun restaurante-cafetería na rúa Coto dos Olmos (do), 6.

LIC/1510/2017.- JOSÉ DOMÍNGUEZ PÉREZ.- Conceder licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Tras Santa Isabel (de), 8.

LAP/170/2017.- MANUEL ÁNGEL PEDRARES RAMOS.- Conceder licenza para a construción dunha nave industrial destinada á fabricación de mamparas divisorias na rúa Comunidade Valenciana (da), 11.

LAP/208/2016.- MANUEL GÓMEZ NOYA.- Conceder licenza de obra nova para a construción dunha edificación para destinala á elaboración e envasado de masas fritas no lugar de Outeiro do Castiñeiriño, 76.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remisión de copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e concesión de licenza para a reforma de vivendas planta 2ª e 3ª situadas na rúa da Acibechería nº 17. LIC/754/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para o proxecto básico presentado para a construción de dous edificios para 68 vivendas, prazas de garaxe e trasteiros na rúa Manuel Beiras (de), 5. LIC/770/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de construción dun restaurante-cafetería na rúa Coto dos Olmos (do), 6. LIC/1335/2015. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a execución dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Tras Santa Isabel (de), 8. LIC/1510/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a construción dunha nave industrial destinada á fabricación de mamparas divisorias na rúa Comunidade Valenciana (da), 11. LAP/170/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obra nova para a construción dunha edificación para destinala á elaboración e envasado de masas fritas no lugar de Outeiro do Castiñeiríño, 76. LAP/208/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao outorgamento dunha concesión demanial sobre a parcela EQ-2 do SUNP-5 a IXPCV Ternera galega, boi e vaca, para a construción da futura sede do Consello Regulador da IXPTG.(PTM/41/2017). Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao alleamento da parcela SV-2 do proxecto de expropiación do SUNP-11. (PTM/93/2016). Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á adscrición a TUSSA da nova parcela DP-2 DI-2 no SUP-6 para destinala á área de estacionamento.(PTM/23/2016). Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores, e por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

36.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á ampliación do prazo de alegacións concedido a SETEX APARKI S.A. contra a liquidación dos efectos do contrato de xestión dos servizos de ordenación de aparcamento na vía pública e retirada e depósito de vehículos. Acórdase ampliar o prazo de alegacións inicialmente concedido á entidade Setex Aparki S.A, de 10 días, en 5 días máis, para que poida manifestar o que estime conveniente en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos. En consecuencia, o prazo rematará o 17 de abril.

37.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e DECATHLON para actividades de formación en materia de seguridade viaria. Apróbase o convenio.

38.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, con competencias delegadas de Economía, Facenda e Administración por decreto de 28.6.17, relativa á prórroga do contrato do servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago. Acórdase prorrogar o contrato administrativo de servizos para o asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos locais (agás o imposto sobre bens inmobles e os tributos que se devenguen polas obras realizadas no complexo da Cidade da Cultura”, así como nos procedementos sancionadores que se deriven da comprobación e/ou da inspección, asinado coa empresa Coordinadora de Gestión de Ingresos S.A. polo prazo de 36 meses, a contar desde o 15 de abril de 2018. O gasto total ascende a 960.000 euros, IVE incluído.

39.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do proxecto de reparación e consolidación da Ponte de Vidán. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 447.065 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 5 meses.

40.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación das Bases da convocatoria de Premios de creación literaria SELIC 2018, e autorización do gasto. Apróbase a proposta.

41.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos relativa á solicitude de subvención á Xunta de Galicia para o programa LER CONTA MOITO 2018. Acórdase solicitar

á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención de 3.488,25 euros, para o programa Ler Conta Moito 2018, a desenvolver nos centros cívicos de Vite, Fontiñas, Conxo e Santa Marta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos para dar conta da resolución do recurso especial de contratación do Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago. Dáse conta da resolución ditada polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais para desestimar integramente o recurso interposto pola empresa Arasti Barca M.A S.L contra a adxudicación do Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de Centros Cívicos do Concello de Santiago. Acórdase a continuidade do procedemento de contratación requirindo á empresa Ferrovial Servicios S.A a comparecencia para a formalización do contrato nun prazo máximo de 5 días, contados desde o seguinte á remisión do requirimento.